

TERRAS DO MONTE XALO

Saíremos de Celas a traveso do parque que arrodea a súa torre medieval, hoxendía rehabilitada como sede dun chusco museo etnográfico. Enlazamos deseguido co PR “Rego das Xesteiras”, cunha xeira de muiños dos que están recuperados dous, o de Fraganova ao comezo e o de Ramallal ao remate. Ao longo do quilómetro desta ruta andaremos a beira do regato con suxerentes pozas, a traveso dun bosque de ribeira salferido por rochedos verdescentes polo húmido do ambiente.

Dando vista ao circo do Xalo, nas primeiras casas da Hermida de Ternande, desviarémonos cara O Castelo, un teso coronado con grandes penedos. Logo, xa noutra aba do monte cruzaremos a aldea Mantiñan caracterizada polas estar as súas vivendas arrodeadas de bolos graníticos e onde poderemos repoiñar auga nalgunha das súas dúas fontes, una delas bastante curiosa. Subiremos polo monte Anxelio para dar coa fonte do tanque para chegar ao Petón do Xalo onde xantaremos.

O Petón do Xalo é un magnífico miradoiro, sobre a bisbarra que se estende dende os seus pes ata o mar. A paisaxe fica esplendidamente enmarcada entre o azul do ceo e os grises dos xigantescos bloques de rocha.

Non é de estranar que este esceario apareza en moitos filmes, como por citar algún, “O desorden que deixas” estreado en Netflix, ou a serie Serramoura da TVG. Pero por riba de todo o Petón é a escola de escalada onde se forxaron durante décadas os escaladores coruñeses. Para aqueles que se sintan áxiles dabondo faremos una pequena visita guiada aos pes das vías de escalada máis coñecidas deste afloramento petreo.

Xa todos xuntos, atravesaremos a “calle real” un pasadizo furado nas laxes para decontado comezar a baixar cara a aldea de Xalo por fermosos carreiros e algún exempros de arquitectura popular para logo chegar ao lugar de saída, a igrexa de Santa María de Celas.

Distancia: 17 km. Desnivel: 700m.

Monitores: Ana y Argimiro.

Saída: dende a igrexa de Santa María de Celas en Celas de Peiro

Hora de saída: 10 h 30 m.

Requisitos: ser socios de Artabros, estar federados e inscribirse no club.

Obligatorio: uso de mascariña.

Grupos de 10 persoas. Número máximo de participantes indicado polo club



Artabros. c/ Santa Teresa 14. Tf: 981213115



**CAMPAÑA DE
SENDEIRISMO**

COÑECE E CAMIÑA



TERRAS DO MONTE XALO

6 DE OCTUBRO DE 2021

**Sociedade de Montaña
A R T A B R O S**

